

XV Carreira Popular Virxe da Guía.

“A carreira de Carreira”

Carreira solidaria a favor de Cáritas Parroquial

Data: Sábado, 16 de Xuño do 2018.

Hora: A partires das 17:00 h.

Lugar: San Paio de Carreira (Ribeira).

Distancias: de 80 a 10.000 m.

Organiza: Asociación de Veciños de Carreira, Atletismo Virxe da Guía, e Concello de Riveira.

Cronometraxe: www.galitiming.com

Inscrición: Límite 300 adultos/300 escolares.

Web oficial: www.virxedaguia.org



A Asociación de Veciños de Carreira, Atletismo Virxe da Guía e o Concello de Riveira, organizan a décimo quinta edición da súa Carreira Popular Virxe da Guía, o sábado, 16 de xuño na parroquia de Carreira (Concello de Ribeira), de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORIA - ANOS DE NACEMENTO

PITUFO - Atletas nados no 2014 e posteriores

PREBENXAMÍN - Atletas nados nos anos 2011, 2012 e 2013

BENXAMIN - Atletas nados no 2009 e 2010

ALEVIN - Atletas nados no 2007 e 2008

INFANTIL - Atletas nados no 2005 e 2006

CADETE - Atletas nados no 2003 e 2004

XUVENIL - Atletas nados no 2001 e 2002

JUNIOR - Atletas nados no 1998, 1999 e 2000

SENIOR - Atletas nados entre 1984 e 1997

VETERANS A - Atletas nados entre 1973 e 1983

VETERANS B - Atletas nados entre 1963 e 1972

VETERANS C - Atletas nados entre 1953 e 1962

VETERANS D – Atletas nados en 1952 ou anteriores.

VETERANAS A - Atletas nadas entre 1973 e 1983

VETERANAS B - Atletas nadas entre 1963 e 1972

VETERANAS C – Atletas nadas no 1962 ou anteriores.

2. HORARIO E DISTANCIA DAS PROBAS

17:00 - BENXAMINS - 600 m.
17:10 - ALEVINS - 1.200 m.
17:25 - INFANTILES - 1.200 m.
17:40 - CADETES - 1.800 m.
18:00 - ABSOLUTA (DE XUVENIL A VETERANS) – 10.000 m.
19:15 - PREBENXAMINS - 120 m.
19:25 - PITUFOS - 80 m.
19:30 - ENTREGA DE TROFEOS

3. INSCRICIONS : A partires do luns, **14 de Maio do 2018** , e ata o xoves, **14 de xuño do 2018**, ás 14:00 horas.

› **PROBAS ESCOLARES** (pitufos, prebenxamíns, benxamíns, alevín, infantil e cadete)

Poderán realizalas a través da web www.virxedaguia.org , recheando no cuestionario os datos solicitados.

O tope de inscritos será de 300 atletas escolares.

A inscrición será GRATUITA para estas probas escolares, aínda que se agradecerá a aportación de alimentos non perecedoiros, produtos de aseo ou roupa para nenos/as de entre 3 e 7 anos, que serán entregados directamente ós membros de Cáritas que estarán presentes no evento.

› **CATEGORIAS DE ADULTO** (xuwenís, junior, senior e veteráns).

As inscricións realizaranse a través da web: www.virxedaguia.org . O prezo da inscrición será de 6 €.

O tope de inscritos será de 300 atletas adultos.

Agradecerase a aportación de alimentos non perecedoiros, produtos de aseo ou roupa para nenos/as de entre 3 e 7 anos, que serán entregados directamente ós membros de Cáritas que estarán presentes no evento.

Admitiranse inscricións ata o **xoves 14 de xuño** ás 14:00 horas, **ou ó acadar a cifra tope de inscritos de 300 escolares e 300 adultos**. NON SE ADMITIRAN INSCRICIONS (NIN DE ESCOLARES NIN DE ADULTOS) FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DIA DA PROBA.

Os dorsais recolleranse no lugar da saída que estará situada no Campo da Festa (a 80 metros da Capela da Guía), a partir das 15:30 horas e ata 15 minutos antes do comezo de cada unha das probas.

4. PREMIOS:

- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados das categorías que compiten na carreira absoluta.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete.
- Medallas para tódolos participantes nas categorías de prebenxamíns e pitufos.

Os gañadores dos distintos trofeos deberán estar presentes no acto de premiación. En caso de que un premiado non estivera presente, perderá o dereito a reclamálo con posterioridade.

5. AVITUALLAMENTOS:

Auga no km. 5, e líquidos e sólidos na meta.

6. OUTROS SERVIZOS:

Gardarroupa e gardachaves: No momento de retirar o dorsal poderán recollese bolsas co número de dorsal pegado no que deixar a roupa ou as chaves, que serán custodiadas ata o remate da proba.

7. DUCHAS E APARCAMENTO:

Haberá servizo de duchas no Campo de Fútbol A Guía, a 100 metros da liña de meta. Destinarase unha zona de aparcamento gratuíto a 50 metros da liña de saída.

8. HOMENAXE:

Este ano o corredor homenaxeado será **TUCHO MARIÑO SANTAMARIA**, un dos veteráns habituais en tódalas carreiras que se celebraban ó longo da xeografía galega ata fai un par de anos, en que unha inesperada doenza fixo que tivese que abandonar a práctica deportiva, aínda que segue sendo habitual atopalo como espectador en moitas probas.

